

MATRÍCULA OFICIAL CURSO 2022/2023 NA EOI DE OURENSE

1. Vexa [aquí](#) as condicións de acceso e como entrar nun curso superior a 1º de básico.
2. Vexa [aquí](#) información importante que hai que ter en conta antes de matricularse.
3. Vexa [aquí](#) o procedemento e prazo de matrícula do **ALUMNADO NOVO**, é dicir:
 - Alumnado que solicita cursar estudos en 1º curso de nivel básico dun idioma por primeira vez.
 - Alumnado procedente das probas de clasificación.
 - Alumnado de acceso directo por titulación.
 - Alumnado que se incorpora á ensinanza presencial tras superar as probas de certificación por libre.
 - Alumnado procedente de traslado de expediente.
 - Antigo alumnado que non estivera matriculado polo réxime oficial no curso 2021-2022
 - Alumnado oficial con renuncia ou anulación de matrícula no curso 2021-2022
4. Vexa [aquí](#) o procedemento e prazo de matrícula do **ALUMNADO APTO NA CONVOCATORIA ORDINARIA**.
5. Vexa [aquí](#) o procedemento e prazo de matrícula do **ALUMNADO APTO/NON APTO/NON PRESENTADO NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA**

CONDICIÓN DE ACCESO

Para acceder hai que ter 16 anos cumpridos no ano natural en que se comecen os estudos. Pode acceder tamén quen teña cumpridos 14 anos, ou que os cumpra antes do 31 de decembro de 2022, para ensinanzas dun idioma distinto do cursado na educación secundaria obligatoria como primeira lingua estranxeira.

O alumnado que desexe matricularse en español como lingua estranxeira deberá acreditar a súa condición de cidadán dun país no que a lingua española non sexa lingua oficial, aínda que teña tamén a nacionalidade española.

Poderase acceder directamente a un curso distinto de 1º de nivel básico polas seguintes vías:

a) Os certificados de superación dos niveis anteriores

b) As probas de clasificación (no caso de que a teña feito noutra eoi, pois na eoi de ourense non hai probas de clasificación este ano)

INFORMACIÓN IMPORTANTE SOBRE AS PROBAS DE CLASIFICACIÓN:

Debido á grande cantidade de probas de certificación e promoción que teñen lugar neste mes de xuño de 2022 (convocatorias ordinaria e extraordinaria) e ante a imposibilidade de poder facelas en setembro, como viña sendo habitual, as probas de clasificación non se realizarán nesta EOI. O alumnado con coñecementos previos da lingua que desexe cursar, de non ter unha certificación válida que acredite un nivel superior, deberá preinscribirse e matricularse no 1º curso. Unha vez comezadas as clases, deberá falar co docente correspondente e pedirlle unha proba de reasignación de nivel.

c) Por titulación ou certificado recollido no [Anexo da Orde do 21 de xuño de 2016](#), que dará acceso ao primeiro curso do nivel inmediatamente superior ao acreditado. Se a súa certificación non está recollida, terá que facer a proba de clasificación. Para os accesos por titulación de galego e español como lingua estranxeira, consulte o [Anexo I](#)

d) As persoas que acrediten o título de bacharel acceden ao primeiro curso de nivel intermedio B1 do idioma que acrediten como primeira lingua estranxeira.

MATRÍCULA ALUMNADO NOVO

TEN QUE FACER PREINSCRICIÓN [AQUÍ](#) NO PRAZO DO 27 de xuño ó 10 de xullo

É alumnado novo:

- Alumnado que solicita cursar estudos en 1º curso de nivel básico dun idioma por primeira vez.
- Alumnado procedente das probas de clasificación.
- Alumnado de acceso directo por titulación.
- Alumnado que se incorpora á ensinanza presencial tras superar as probas de certificación por libre.
- Alumnado procedente de traslado de expediente.
- Antigo alumnado que non estivera matriculado polo réxime oficial no curso 2021-2022
- Alumnado oficial con renuncia ou anulación de matrícula no curso 2021-2022

O día 12 de xullo entrará de novo na [aplicación de preinscrición](#) e, se foi admitido, atopará un enlace directo á [aplicación de matrícula](#), onde terá que **MATRICULARSE NO PRAZO DO 12 ó 20 de xullo** e subir a seguinte documentación:

- O resgardo do aboamento das taxas. [Vexa aquí como pagar as taxas](#)
- DNI (ou NIE no caso dos estranxeiros).
- Para o alumnado menor de 16 anos a 31 de decembro de 2022, certificado no que se faga constar a primeira lingua estranxeira cursada na ESO no curso escolar 2021-2022, expedido polo centro onde estea matriculado consonte o modelo [do Anexo IV](#)
- O alumnado que acceda por titulación, a documentación que a acredite.
- No caso de discapacidade deberase achegar documentación acreditativa e, se solicita adaptacións, cubrir o [Anexo V](#)

Prema aquí se precisa máis información sobre [a preinscrición](#) ou a [matrícula](#).

MATRÍCULA ALUMNADO APTO NA CONVOCATORIA ORDINARIA

O alumnado oficial do curso 2021/2022 que desexe seguir estudos o curso 2022/2023 **no mesmo idioma e escola** e teña a cualificación de apto na convocatoria ordinaria de 2022, non ten que preinscribirse, deberá matricularse [AQUÍ](#) no prazo **DO 20 ó 29 de xuño** e subir á aplicación de matrícula a seguinte documentación:

- O resgardo do aboamento das taxas. [Vexa aquí como pagar as taxas](#)
- No caso de discapacidade deberase achegar documentación acreditativa e, se solicita adaptacións, cubrir o [Anexo V](#)

Prema aquí se precisa máis información sobre a [matrícula](#).

MATRÍCULA ALUMNADO APTO/NON APTO/NON PRESENTADO NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

O alumnado oficial do curso 2021/2022 apto/non apto/non presentado na convocatoria extraordinaria non ten que preinscribirse, deberá matricularse [AQUÍ](#) no prazo **DO 2 ó 7 de xullo** e subir á aplicación de matrícula a seguinte documentación:

- O resgardo do aboamento das taxas. [Vexa aquí como pagar as taxas](#)
- No caso de discapacidade deberase achegar documentación acreditativa e, se solicita adaptacións, cubrir o [Anexo V](#)

Prema aquí se precisa máis información sobre a [matrícula](#).

INFORMACIÓN IMPORTANTE

- ▶ A posta en marcha do grupo da súa elección dependerá do número total de inscritos que o xustifique.
- ▶ As probas parciais e finais poderán realizarse en día e hora diferentes aos horarios ordinarios das clases do curso no que se matricula.
- ▶ Na convocatoria extraordinaria poderán coincidir as probas de distintos idiomas na mesma data e hora.
- ▶ O alumnado con anulación de matrícula por falta de pagamento no curso 2021-2022 deberá aboar previamente as cantidades adebedadas para poder formalizar a nova matrícula.
- ▶ O alumnado que non formalice a súa matrícula no prazo establecido para o grupo que lle corresponda, presentando toda a documentación requirida perderá o dereito á praza asignada e só poderá matricularse ao finalizar todo o proceso de matrícula no caso de quedar prazas vacantes.